



## Bases da convocatoria de bolsas de material para Escolas Tríatlón 2015

### 1.-Finalidade e obxecto da Bolsa de material

Esta convocatoria ten por obxecto regular a liña de axudas de material a Escolas dos diferentes Clubs con licenza FEGATRI, no fomento e promoción, en xeral, do tríatlón nas categorías base.

O período obxecto da axuda abranguerá a tempada deportiva 2015.

### 2.- Entidades solicitantes e requisitos mínimos

As entidades deportivas solicitantes deberán cumprir os **seguintes requisitos**:

- a) Estar inscritos no Rexistro de Asociacións Deportivas da Comunidade Autónoma de Galicia así como ter tramitada en FEGATRI licenza de Club no 2015
- b) Non ter débedas con FEGATRI a data de solicitude da bolsa
- c) Ter, a lo menos, un Técnico titulado e con licenza en vigor FEGATRI a data de publicación da convocatoria
- d) Ter un mínimo de 15 licenzas de categorías menores a data de publicación da convocatoria

### 3.- Condicións da concesión

O procedemento ordinario de concesión do material tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, mediante comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha relación entre as ditas solicitudes de acordo cos criterios de valoración fixados nesta convocatoria, e co límite orzamentario dispoñible.

### 4.- Solicitudes e prazo de presentación

As solicitudes das subvencións dirixiranse a FEGATRI, no modelo que figura como anexo I a estas bases, e presentaranse no prazo 10 días dende a data de publicación.

### 5.- Documentación

Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- I. **Solicitude de subvención** que se formalizará no modelo de instancia que figura como (anexo I)
- II. **Terase en conta**
  - a) Número de licenzas categorías menores tramitadas
  - b) Número participación nas probas dos deportistas menores federados
  - c) Número de Técnicos titulados con licenza en vigor
- III. **Organización de probas** dirixidas a categorías menores: probas de Nada e Corre, Dúatlón Escolar, Tríatlón de Menores o calquera outra actividade que poida considerarse de interese xeral para a promoción do Tríatlón entre os menores.
- IV. **Participación do Club** nas distintas actividades, propostas dende FEGATRI , para as categorías menores: mesas debate, concentracións...



#### **6.- Comisión de valoración e resolución das solicitudes**

A concesión das subvencións realizarase, mediante un réxime de concorrencia competitiva, e será aprobada por resolución da comisión avaliadora designada pola Xunta Directiva de FEGATRI.

En Lugo, a 4 de Decembro de 2015